

nalgures

CONCELLO DE LUGO

DEPARTAMENTO DE

CONTRATACION E PATRIMONIO

PARA:

CONCELLO DE LUGO

DEPARTAMENTO : SERVICIO DE CONTRATACION E PATRIMONIO

DE:

NALGURES Producións S.L.

B27340322

EXPÓN:

X. MANUEL BLANCO ALVAREZ, como ADMINISTRADOR de NALGURES, presenta documento con unha serie de preguntas con respecto o concurso publicitado o 4 de setembro de CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2014 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1. LOTE2 E LOTE 3

E para que así conste
ADMINISTRADOR

NALGURES PRODUCTIONS, SL
B-27.340.322
do Carmo, 11 - Entlo. Esq. - 27004 Lugo
Telf.: 982 26 02 45 - Fax: 982 25 43 56

A atención do Servizo de Contratación e Patrimonio

Tal e como sinala o prego de cláusulas administrativas solicitamos a interpretación e resolución das seguintes dúbidas.

A.- Melloras ofertadas.

No referido as melloras ofertadas no prego figura que:

(...) O presente contrato ten por obxecto a prestación dun servizo de produción integral de espectáculos organizados polo Concello de Lugo nas festas patronais de San Froilán 2014.(...)

(...)Aprobar o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán na licitación de referencia, sendo o seu teor literal o seguinte: PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2014 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO.

LOTE 1. PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO.

LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA.

LOTE 3: PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO.(...)

(...)É obxecto deste contrato a prestación dun servizo de produción dos espectáculos organizados polo Concello de Lugo nas festas patronais de San Froilán 2014 segundo o prego de prescricións técnicas elaborado pola sección de cultura do Concello.(...)

(...)Este contrato consta de 3 LOTES podendo os licitadores presentar oferta a un lote, varios ou á totalidade do lotes xa que aínda que son susceptibles de contratarse nun mesmo procedemento admíte unha adxudicación separada segundo o seguinte detalle:

LOTE 1: Producción espectáculos na praza Horta do Seminario

LOTE 2: Producción espectáculos na praza de Santa María

LOTE 3: Producción de espectáculos no patio do Edificio Administrativo do Concello.(...)

(...)Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 33801.22699 do vixente Orzamento Municipal de 2014 (RC: 60157, C.P:143380101)(...)

Non atopamos a relación das melloras cos Lotes obxecto do contrato que forman parte do prego, entendemos que ao igual que outros espectáculos incluídos na programación do San Froilán 2014, deberían de formar parte doutra consignación orzamentaria ou ben parte do propio prego como outro Lote, mais non como melloras sen relación coa produción técnica nos Lotes sinalados. Esta é a nosa apreciación particular, cuxo obxecto non é outro que realizar unha serie de cuestións que nos poidan axudar para a presentación da nosa oferta, porque entendemos que a identificación entre “mellora” e “producción integral” o convirte nun oxímoron.

2. MELLORAS OFERTADAS (ata 1,5 puntos)

Valorarase neste apartado as melloras ofertadas polos licitadores que poderán ser unicamente relativas á realización de producións integrais nas rúas (Planchada de 6x4, equipo de son, técnico, grupo electrógeno, persoal de montaxe/desmontaxe,

seguridade e valado). Estas produccions serán para grupos locais (un por intervención, seleccionado e pagado dende o Concello) nos días do período festivo e localizacións acordadas pola Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello. Deberán contar coas seguintes características técnicas mínimas:

“TARIMAS / PLATAFORMA (superficie mínima 6 x 4 m.)

EQUIPO DE SON (mínimo 6.000 W.)

GRUPO ELECTRÓXENO (acorde coas necesidades do equipo)

MESA DE SON (mínimo 12 canles)

SET DE MICROFONÍA

MONITORES DE ESCENARIO (mínimo 3)

ILUMINACIÓN ESCÉNICA BÁSICA (sen esixencias)*

TÉCNICO DE SON + 2 AUXILIARES

1.- ¿Que significa un por intervención, si hai dous grupos son consideradas dúas melloras?

Entendemos que non, pois resultaría imposible calcular o número de melloras a ofertar sen coñecer a programación. **¿Refírese tal e como entendemos nos a que nesas producións integrais non vai haber nunca mais dun grupo?**

2.- ¿Como se van programar esas producións integrais? ¿nunca mais dunha mellora por día? No caso de que se poidan programar mais dunha por día, ¿poden ser as melloras coincidentes en horario? Considerando coincidentes o tempo incluído na montaxe e desmontaxe de cada unha delas.

A cuestión non é baladí, pois non sabemos a que atinxirnos. No formulario para ofertar as melloras so hai un espazo para poñer un número. Non hai a posibilidade de poñer tantas producións integrais por día e se son ou non coincidentes.

b) Oferta como mellora no contrato un número de produccions integrais na rúa para grupos locais, sen custo para o Concello.

Iso implica que non podemos realizar unha oferta dun número de producións integrais doutros espectáculos, xa que non sabemos como se van realizar a posteriori. A explicación é moi simple:

Imos poñer que unha produción integral desas características teña un valor de 10.000€ (nada que ver coa realidade). Se nos cubrimos a oferta cun número de “3” producións e esas producións integrais se realizan en tres días distintos, entón teríamos 30.000€. Si esas producións integrais se realizan nun mesmo día o valor estimado sería de mais da terceira parte e si esas producións se realizan nun mesmo día, pero todas ou algunhas en horarios coincidentes, entón o valor estaría entre 10.000€ e 30.000€ en función dos distintos elementos ou persoal que puideran empregarse de común nas distintas producións. Por todo isto e para que todos os licitantes teñamos as mesmas oportunidades, precisamos respostas claras e concisas a todas estas cuestións.

3.- ¿Hai un tempo estimado de actuación do artista participante na produción integral requirida como mellora? As intervencións dun artista poden ter un abanico de 60 minutos a mais de 180, o cal obviamente pode ter influencia no prezo desas producións. Como non se coñecen os nomes dos artistas que poden formar parte desas producións, non podemos axustar o prezo. Entendemos que será entre 60 e 90 minutos, se isto é así **¿podemos considerar que as intervencións non serán nunca de mais de 90 minutos?**

4.- Non sabemos como realizar a presentación de melloras en función de se nos presentamos a 1,2 ou aos 3 lotes, para o cal temos a pertinente acreditación técnica. O modelo proposto entendemos que non contempla as distintas posibilidades e ao non estar relacionadas as melloras cos Lotes obxecto do contrato, entendemos que resulta inviable resolvelo na mesa de contratación.

(...)A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.

O sobre denominado B (CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE)., conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.(...)

(...)b) Propón como prezo do contrato:

LOTE 1 Producción espectáculos na Horta do Seminario.

- Prezo sen IVE: euros.

- 21% IVE:euros.

- PREZO TOTAL CON IVE: euros.

LOTE 2 Producción espectáculos na praza de Santa María.

- Prezo sen IVE: euros.

- 21% IVE:euros.

- PREZO TOTAL CON IVE: euros.

LOTE 3 Producción de espectáculos no patio do edificio administrativo do Concello.

- Prezo sen IVE: euros.

- 21% IVE:euros.

- PREZO TOTAL CON IVE: euros.

b) Oferta como mellora no contrato un número de producións integrais na rúa para grupos locais, sen custo para o Concello. (...)

4.A.- Como só existe a posibilidade de poñer un número no segundo punto b, e ao marxe das cuestións precedentes, ¿que significa ese número en relación aos distintos Lotes que presentamos? E dicir, se nos presentamos aos 3 Lotes ese número **¿puntuía para os tres Lotes igual que si nos presentamos a 1 ou a 2? ¿como se vai ponderar?** Obviamente non pode dividirse ese número entre tres, xa que o marxe empresarial que existe nos tres Lotes non é o mesmo.

4.B.- Se tres empresas distintas gañan cada un dos Lotes e as “melloras”, como nos consideramos previsible, son superiores ás necesidades da Concellería de Cultura pois non hai establecido un teito **¿cal é o criterio que se vai seguir para a utilización das producións integrais ofertadas polas distintas empresas nos distintos Lotes?**

4.C.- Por poñer un exemplo e tendo en conta que as melloras están incluídas entre os criterios avaliados automaticamente, se empresas distintas adquiren cada un dos lotes e cada unha delas presentou unha “mellora” por día e o Concello non utiliza as 27 “melloras” ¿seguen tendo a condición de “mellora”? **¿como saberá a mesa de contratación se é unha “mellora” ou non no momento da adxudicación?**

B.- Anexos técnicos aos pregos.

No perfil do contratante no apartado referido ao concurso existen distintos documentos ademais do “Decreto Aprobación Pregos”. Os restantes documentos, salvo o “Anuncio Licitacións Pregos” publicado por BOP, neste caso por razóns obvias, non contan co “Código Seguro de Verificación: SgMBpXrLvK0V7fdJAdmBfQ==” e ningún outro código.

“ANTECEDENTES

I. Prego de prescricións técnicas elaboradas pola Sección de Cultura relativo á contratación da produción integral dos espectáculos das festas patronais de San Froilán 2014 organizados polo Concello de Lugo xunto cos correspondentes anexos relativos ós riders esixidos polos artistas

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a prestación dun servizo de produción dos espectáculos organizados polo Concello de Lugo nas festas patronais de San Froilán 2014 segundo o prego de prescricións técnicas elaborado pola sección de cultura do Concello.

1.- ¿Forma parte do obrigado cumprimento da plica os riders, que non forman parte do prego técnico? ¿son os riders os anexos aos que se fai referencia nos “Antecedentes”? ¿incluídos os redactados en inglés? Nos entendemos que eses riders non deberían formar parte do prego, xa que algúns deles son contraditorios entre si e implican unha negociación cos distintos artistas, e na súa redacción precisan marcas e non aceptan equivalentes ou de análoga calidade.

CUALQUIER VARIACIÓN EN LOS MODELOS O MARCAS, POTENCIAS O CONFIGURACIONES DE ESTE RIDER , DEBERA CONTAR CON LA APROBACIÓN DEL TÉCNICO DE SONIDO (...) EL NO CUMPLIMIENTO DE ESTE RAIDER TÉCNICO O VARIACIÓN UNA VEZ CONFIRMADOS TODOS LOS EQUIPOS PUEDE SER CAUSA DE CANCELACIÓN DE LA ACTUACION.

OPCIÓN DIGITAL: exclusivamente DIGICO D1, D5, SD7, SD8 y DIGIDESING VENUE. NO YAMAHA ML7, LS9

2 PREVIOS AVALON 737 (imprescindible)

L ACCOUSTIC (K1, V-DOSC,KARA)+ SUBS(SB218) / MEYER (MILO, MICA, LYON)+SUBS(HP700/1000) / ADAMSON (E-1, Y-18)+SUBS(T-21) / D&B (J12)+ SUBS(J-SUB)

-Cualquier otro sistema que no aparezca en este listado deberá contar con la aprobación de EL ARTISTA, (...)

Ou incluso contradictorio e absurdo coas peticións, estas si, realizadas no prego técnico.

Estructura Grand support con tramo intermedio de 12 metros de ancho por 10 de fondo mínimo, o 2 puentes volados

2.- Con data posterior a publicación do Decreto incluíronse no perfil do contratante outros 3 documentos titulados anexos, que teñen data de creación do 5 de setembro e que “modifican e/ou incrementan” o solicitado no prego técnico. ¿Estes 3 documentos tamén forman parte do obrigado cumprimento da plica? ¿son estes “anexos” os anexos aos que se fai referencia nos “Antecedentes”? De formar parte, ¿hai algunha modificación no prazo de presentación das ofertas?

C.- Horarios e limitacións.

No prego de prescricións técnicas figura:

(...)Todos os espectáculos están sometidos durante o seu desenvolvemento a unhas limitacións de horario e, de ser o caso, de emisión sonora cando se empreguen equipos de megafonía. Estas limitacións deberán ser respectadas(...)

(...)De conformidade co artigo 212 do TRLCSP o incumprimento defectuoso do contrato dará lugar á imposición de penalidade. Entendese por incumprimento defectuoso o incumprimento ou defectuosa execución das obrigas sinaladas no prego técnico e que supoñan que os espectáculos ou actividades programadas para San Froilán 2014 non se podan levar a cabo ou non se realicen nas condicións programadas, como pode ser retrasos (...)

Na programación de distintos escenarios están incluídos festivais con hasta 6 grupos. En ningún dos documentos publicados figuran horarios de inicio ou finalización dos concertos.

1.- ¿Cales son os horarios que haberá que respectar? no perfil do contratante non figura publicado ningún horario. **¿De existir algunha, qué limitacións sonoras hai nos distintos recintos?**

D.- Plan de autoprotección.

No prego figura que:

A empresa adxudicataria será a encargada de elaborar os plans de autoprotección necesarios segundo a normativa vixente en base ao R.D. 393/2007.

Polas características dos recintos entendemos que hai dous Lotes nos que non é preciso a elaboración dun plan de autoprotección segundo o R.D.393/2007 en calquera caso ¿cal é o aforo dos distintos recintos estipulado ? No caso do Lote 3 precisamos a aclaración sobre a necesidade do mesmo, tendo en conta o custo dun plan de autoprotección acorde ao R.D. de referencia e o custo de implantación do mesmo.

1.- Tal e como se dicta no R.D. entendemos que no Lote 3 en función de que o aforo sexa o da carpa ou o do recinto, pode ser preciso o plan de autoprotección. No prego técnico non hai indicacións sobre o control do aforo do recinto, nin solicitude de controladores de accesos adicados a tal fin, ou indicacións que nos podan levar a pensar que é preciso manter un control do aforo no recinto. Nos entendemos que hai programadas actividades que poderían levar a un sobreaforo do recinto de non ter control sobre o mesmo. **¿Cal é o aforo estipulado para o Patio do Seminario?** Ao marxe do aforo estipulado e tal e como recolle o R.D de referencia, **¿o responsable de Protección Civil ten ditaminado que polas características especiais do recinto do Lote 3 sexa preciso a elaboración dun plan de autoprotección?**

Agardando unha pronta resposta as distintas cuestión para a presentación da nosa oferta,

Aténtamente

Nalgures Produccións, S.L

